



Tel. 986 76 84 09  
Fax 986 76 84 11

**C O N C E L L O**  
DE  
**FORNELOS DE MONTES**  
(PONTEVEDRA)

Emiliano Lage Rodríguez (1 para 1)  
Alcalde  
Data de Sinatura: 13/03/2020  
HASH: b7b548ae54c9b3be5d559aab289687

## **BANDO**

### **MEDIDAS DO CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES ANTE A CRISE SANITARIA DO CORONAVIRUS**

A epidemia do COVID-19 supón unha emerxencia de saúde pública de importancia internacional que obriga á adopción de diversas medidas por parte do Estado, a Xunta de Galicia, a Deputación de Pontevedra e a propia Administración Local.

En consecuencia, o Concello de Fornelos de Montes aproba as seguintes medidas de aplicación **a partires do venres 13 de marzo e ata novo aviso:**

-Suspéndense as actividades deportivas, educativas, culturais, sociais organizadas/autorizadas polo Concello de Fornelos de Montes.

-Permanecerán pechados o Centro Multiusos e as instalacións deportivas municipais.

-Farase necesario pedir cita previa para ser atendido por calquera departamento municipal.

-A atención ao público nas Oficinas Municipais limitarase aos casos estritamente necesarios, recomendándose a realización dos trámites a través da sede electrónica (<https://fornelos.sedelectronica.gal/info.0>) e as consultas, vía telefónica, no número da Casa do Concello 986 76 84 09.

Recoméndase seguir con atención as indicacións das autoridades sanitarias e solicítase de toda a veciñanza a máxima colaboración. Por parte deste Concello mantense o contacto constante coas autoridades sanitarias e darase difusión de calquera cambio ou medida que se adopte.

Fornelos de Montes, 13 de marzo de 2020.

O ALCALDE

Emiliano Lage Rodríguez



Cod. Validación: 57AZTLXXC3SFETC5RAH2WSRYM | Corrección: <https://fornelos.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1